

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

6350 *Real decreto 564/2017, do 2 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.*

O Real decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, traspuxo parcialmente a Directiva 2010/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 2010, relativa á eficiencia enerxética dos edificios, refundindo o Real decreto 47/2007, do 19 de xaneiro, mediante o que se aprobou un procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética de edificios de nova construción, coa incorporación do procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética de edificios existentes.

Co obxecto de garantir as obrigacións substantivas da Directiva 2010/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 2010, relativa á eficiencia enerxética dos edificios, considérase necesario modificar o dito Real decreto 235/2013, do 5 de abril, no relativo ás exclusións do ámbito de aplicación. Para estes efectos, modifícanse as alíneas a) e d) do artigo 2.2 do procedemento básico para a certificación.

Por outra parte, modifícase a disposición adicional segunda do Real decreto 235/2013, do 5 de abril, relativa aos edificios de consumo de enerxía case nulo, desde a que se remite ao Código técnico da edificación para a determinación dos requisitos mínimos que deberán satisfacer eses edificios en cada momento.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao procedemento de información pública e ao trámite de audiencia dos organismos afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital e do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xuño de 2017,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios.*

Modifícase a disposición adicional segunda do Real decreto 235/2013, do 5 de abril, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, cuxa redacción pasa a ser a seguinte:

«Disposición adicional segunda. *Edificios de consumo de enerxía case nulo.*

1. Como máis tarde o 31 de decembro de 2020, os edificios novos serán edificios de consumo de enerxía case nulo, definidos na disposición adicional cuarta do Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía.

2. Os edificios novos que vaian estar ocupados e sexan de titularidade pública serán edificios de consumo de enerxía case nulo despois do 31 de decembro de 2018.

3. Os requisitos mínimos que deben satisfacer eses edificios serán os que en cada momento se determinen no Código técnico da edificación.»

Artigo segundo. *Modificación do procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, aprobado polo Real decreto 235/2013, do 5 de abril.*

Modifícase o artigo 2.2 do procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, que queda redactado do seguinte modo:

«2. Exclúense do ámbito de aplicación:

a) Edificios protexidos oficialmente por seren parte dun contorno declarado ou en razón do seu particular valor arquitectónico ou histórico, sempre que calquera actuación de mellora da eficiencia enerxética altere de maneira inaceptable o seu carácter ou aspecto. Será a autoridade que dita a protección oficial quen determine os elementos inalterables.

b) Edificios ou partes de edificios utilizados exclusivamente como lugares de culto e para actividades relixiosas.

c) Construcións provisionais cun prazo previsto de utilización igual ou inferior a dous anos.

d) Edificios industriais, da defensa e agrícolas non residenciais, ou partes deles, de baixa demanda enerxética. Aquelas zonas que non requiran garantir unhas condicións térmicas de confort, como as destinadas a talleres e procesos industriais, consideraranse de baixa demanda enerxética.

e) Edificios ou partes de edificios illados cunha superficie útil total inferior a 50 m².

f) Edificios que se compren para reformas importantes ou demolición.

g) Edificios ou partes de edificios existentes de vivendas, cuxo uso sexa inferior a catro meses ao ano, ou ben durante un tempo limitado ao ano e cun consumo previsto de enerxía inferior ao 25 por cento do que resultaría da súa utilización durante todo o ano, sempre que así conste mediante declaración responsable do propietario da vivenda.»

Disposición transitoria única. *Obtención do certificado e obrigaçión de exhibir a etiqueta de eficiencia enerxética en edificios protexidos oficialmente.*

1. A presentación ou posta á disposición dos compradores ou arrendatarios do certificado de eficiencia enerxética dos edificios protexidos oficialmente que non estean excluídos polo artigo 2.2.a) do procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, aprobado polo Real decreto 235/2013, do 5 de abril, será exixible para os contratos de compravenda ou arrendamento subscritos unha vez transcorrido o prazo de tres meses desde a entrada en vigor do presente real decreto.

2. Os edificios protexidos oficialmente ocupados por unha autoridade pública a que se refire o artigo 2.1.c) do dito procedemento básico, que non estean excluídos polo citado artigo 2.2.a) do procedemento básico, deberán obter un certificado de eficiencia enerxética e terán a obrigaçión de exhibir a súa etiqueta de eficiencia enerxética unha vez transcorrido o prazo de seis meses desde a entrada en vigor do presente real decreto.

3. Os edificios protexidos oficialmente a que se refire o artigo 13.1 do referido procedemento básico, que non estean excluídos polo citado artigo 2.2.a), terán obrigaçión de exhibir a súa etiqueta de eficiencia enerxética unha vez transcorrido o prazo de seis meses desde a entrada en vigor do presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto modifícase a norma de incorporación ao dereito español da regulación da certificación de eficiencia enerxética de edificios prevista na Directiva 2010/31/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 2010, relativa á eficiencia enerxética dos edificios.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xuño de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN